

FICHA DE TAREFAS 2


1. Que é a natalidade? E a mortalidade?

A natalidade é o número de persoas que nacen nun lugar e nun tempo determinados. A mortalidade é o número de persoas que morren nun lugar e nun tempo determinados.

2. A natalidade fai que a poboación aumente ou diminúa?

Fai que aumente.

3. Relaciona:



4. Cales son os factores principais para que a poboación aumente? E para que diminúa?

Os avances en medicina, a boa alimentación e os hábitos hixiánicos melloran a saúde e favorecen o aumento da poboación. Mentres que as guerras, as epidemias e a falta de alimentos favorecen a súa diminución.

5. Que é a emigración e a inmigración?

A emigración é a saída de persoas dun lugar para ir vivir a outro, e a inmigración é a chegada de persoas dun lugar para vivir nel.

6. A emigración fai que a poboación aumente ou diminúa?

Fai que diminúa.

7. Cal é a razón principal para que a xente emigre dun lugar a outro?

A razón principal pola que as persoas emigran dun lugar é a busca de traballo e mellores condicións de vida.